

## ANEXO I

### Nivel deportivo mínimo e criterios de selección en competicións interuniversitarias - Curso 2022 / 2023

#### TAEKWONDO

1. Nivel deportivo mínimo esixido segundo cada competición:
  - **Campionato Galego Universitario ou Galaico - Duriense:**
    - o Estar en posesión do cinto azul.
  - **Campionato de España Universitario:**
    - o Estar en posesión do grao de cinto vermello e cumprir, polo menos, unha das seguintes condicións:
      - Ser medallista no Campionato de España absoluto, Sub-21 ou júnior de Taekwondo na última edición celebrada.
      - Ser medallista no Campionato de España Universitario de Taekwondo na última edición celebrada.
      - Ser medallista no Campionato Autonómico absoluto, Sub-21 ou júnior de Taekwondo na última edición celebrada.
    - o Se non cumprise ningún dos criterios anteriores o/a asesor técnico podería ter en conta os resultados en competicións nacionais e internacionais acadados polo/a aspirante nas últimas tempadas e a súa traxectoria deportiva xeral.

2.- O equipo representativo da Universidade de Vigo estará integrado, na modalidade de Combate, por un alumno e unha alumna por cada un dos pesos que inclúa o programa de competición. Cando o/a deportista seleccionado/a fose o/a medallista de ouro do CEU da edición anterior, excepcionalmente poderá engadirse nesa categoría e peso un/unha segundo/a deportista, sempre que cumpra os requisitos do punto 1 e que o permita o regulamento técnico da competición.

No caso de presentarse varias persoas deportistas do mesmo peso seleccionárase a persoa que gañe as probas de preselección que se celebrarán previamente.

Na modalidade de Poomsaes o equipo representativo estará integrado por un home e unha muller, esta cifra poderá ser incrementada baixo criterio técnico

se o regulamento técnico da competición o permitira e se seleccionará á persoa deportista cos mellores resultados nas dúas últimas tempadas.

### 3.- Exclusiones:

Resérvase o dereito de excluír do equipo a aquelas persoas deportistas que, aínda reunindo os méritos precisos presenten algunha das seguintes circunstancias.

-Non acudir ás concentracións ás que se lles convoque sen causa xustificada e coa antelación precisa.

-Non dar o peso requerido nalgunha das concentracións ou adestramentos.

-Presentar un estado manifesto de mala forma que indique falta de adestramento e, polo tanto, un alto grao de desinterese ou falta de compromiso.

### 4.- Para facer a selección valoraranse, por esta orde, os seguintes aspectos:

- Resultados obtidos no Campionato Galego Universitario e/ou nas probas de selección, no caso de que se convoquen.
- Resultados obtidos en competicións oficiais ao longo da tempada en curso.
- Valoración do/a responsable técnico/a.